



O PROGRAMA DE ESTUDOS EN MAN COMÚN RURALIDADES, FEMINISMOS E COMÚNS. QUE VEN SENDO?

O *Programa de Estudos en Man Común (PEMAN) Ruralidades, Feminismos e Comúns*, é un espazo crítico de pensamento e acción, impulsado pola Universidade de Santiago de Compostela, a través do grupo de investigación HISTAGRA, os sete grupos pertencentes á rede REVOLTA e o colectivo Montenoso, e conta cunha ampla rede de colaboradoras.

O PEMAN aspira a converterse nun **espazo novo de intercambio e produción de coñecementos** cuxo formato está entre un grupo de investigación ou un posgrao universitario; un programa de estudos independente vencellado a centros de arte contemporáneo (coma poden ser o *Programa de estudios independientes* do MACBA ou *Somateca* do Reina Sofía); un grupo de investigación impulsado por comunidades e grupos sociais.

En definitiva estamos ante unha rede peer-to-peer promovida por distintos colectivos sociais, artísticos e entidades vinculadas á investigación que se xuntan para colaborar na construción de novas narrativas e lecturas que aborden os tres eixos epistémicos propostos: **comúns, ruralidades e feminismos**.

METODOLOXÍA

O Programa traduce/replica os mecanismos de xestión e gobernanza dos montes veciñais en man común, e vai dar ferramentas para que as persoas participantes no mesmo sexan quen de autoxestionalo, garantindo unha boa gobernanza. Ao igual que a comunidade dun monte veciñal, o Programa aspira a impulsar unha comunidade de investigación e de acción. Desenvolveranse diferentes sesións ao longo do ano que versarán sobre cuestións relacionadas coa emerxencia dos comúns, os feminismos ou novas (e vellas) ruralidades. Serán as/os participantes do Programa de Estudos quen van decidir que sesións queren desenvolver. Aspírase a que propoñan diferentes dispositivos de investigación-acción (como poden ser cartografías críticas, sociogramas colaborativos, mapas conceptuais, roteiros temáticos...). Con este Programa vindícase a capacidade da cidadanía á hora de construír os seus propios espazos de pensamento.

XENEALOXÍA

A redescuberta dos comúns ten implicado toda unha revolución en áreas tales como o coñecemento, a cultura, o software, o urbanismo e outros moitos campos. Pero onde ten especial relevancia é no ámbito da xestión comunitaria da terra.

Na Europa Atlántica e Escandinavia os baldíos portugueses, os montes veciñais en man común en Galiza ou os crofts escoceses son exemplos claros de comunidades con capacidade de manexo sustentable de recursos.

No noroeste da Península Ibérica, e concretamente en Galiza, os montes veciñais en man común son unha manifestación centenaria máis dos comúns. Esta realidade está sendo atravesada por múltiples factores, tales como o envellecemento da poboación e a falta de relevo xeneracional, as diferentes presións administrativas e a ausencia de mulleres en ámbitos de poder e decisión, así coma outros procesos de acumulación por desposesión, como poden ser os derivados da especulación urbanística ou o da industria mineira.

Ante isto, é preciso crear novas estruturas, dispositivos e ferramentas a través das cales xerar novas lecturas que axuden a dar pulo a estes comúns, por seren estes espazos de socialización que rachan co binomio público-privado tal coma o coñecemos.

Neste proceso de revitalización dos comúns e de interconexión con outros saberes é no que se enmarca un programa de Estudos destas características, que aborda tres eixos que se transversalizan e van da man: os comúns e a súa relectura e aprendizaxe, as novas e vellas formas de vivir o medio rural e o feminismo, a través dos cales aprendemos estratexias de re(existencia), recuperamos e vindicamos a micropolítica, e vindicamos os afectos e coidados, coma un pé fundamental no engraxe dos comúns.

Para abordar estas cuestións é preciso tecer unha malla ampla, descentralizada no territorio e conectada na que se unen universidades, museos, comunidades de montes, colectivos artísticos e sociais, e demais interesadas/os en ir visibilizando e construíndo novos lugares de encontro nos que seguir facendo comúns.

QUEN

O Programa de Estudos en Man Común Ruralidades, Feminismos e Comúns é un proxecto impulsado pola Universidade de Santiago de Compostela, a través do grupo de investigación HISTAGRA e a rede de grupos de investigación que forman parte da rede ReVOLTA, contando coa coordinación de Montenso, comunidade de creación contemporánea. Conta co apoio económico da Fundación Daniel & Nina Carasso. Como entidades socias do proxecto están MARCO de Vigo, MediaLab Prado de Madrid, a Comunidade Veciñal de Montes de Vincios, a Comunidade Veciñal do Monte de O Carballo, Concello de Allariz, Alg-a Lab e Casa Colorida.

CONTACTO

info@estudosenmancomun.gal
www.estudosenmancomun.gal
[@PEMAN_](https://twitter.com/PEMAN_)
Tlf: 881 814 439

